

Universidade de Santiago de Compostela
Escola Universitaria de Relacións Laborais - Lugo



CURSO DE XESTIÓN LABORAL

PROGRAMA

1.- Alta de empresa na Tesourería Xeral da Seguridade Social:

- Solicitud de Código Conta de Cotización.
 - Complimentación dos impresos TA.6 y TA.7
 - Análise da documentación que acompaña aos impresos anteriores
 - Explicarase a importancia dos distintos códigos conta de cotización que teñen as empresas incidindo no CCC para administradores e conselleiros e no CCC para contratos de formación.
- Elección de Mutua de Accidentes de Trabajo.
 - Relación de mutuas de accidente de trabajo autorizadas
 - Importancia de elixir a xestión da incapacidade temporal por continxencias comúns a través dunha mutua ou a través da Seguridade Social.
 - Servizos das Mutuas. O alumno analizará a través da observación dun par de páxinas Web qué servizos ofrecen as Mutuas de Accidentes de Trabajo e a relación que gardan coas empresas e cos traballadores asociados.
 - Cómo cambiar de Mutua de Accidentes?
- Códigos Nacionais de Actividades Económicas e a súa influencia na cotización á Seguridade Social.
 - Tarifa de cotización para o ano 2013
 - O alumno deberá encadrar correctamente a actividade que desenvolve a empresa para cotizar por accidente de trabajo e enfermidade profesional.
- Autorizacións no Sistema Red
 - Complimentación das autorizacións do Sistema Red
 - A xestión da Seguridade Social lévase a través do Sistema Red.
- Alta de empresa nunha aplicación informática de nóminas
 - Crearase unha empresa nunha aplicación de xestión de nóminas
 - O alumno leva á práctica todo o anterior á hora de crear unha empresa.
- Convenio Colectivo de Trabajo. Alta de convenio nunha aplicación informática de nóminas.
 - Analizaranse convenios e daranse de alta na aplicación informática.
 - Importante distinguir os conceptos salariais e non salariais á hora de crear o convenio, os conceptos personais e o devengo das pagas extra.
 - O alumno deberá ser capaz de definir na aplicación informática o texto do convenio. Unha correcta interpretación do convenio é fundamental.

2.- Comunicación de Apertura de Centro de Trabajo.

- A través da oficina virtual da Consellería de Trabajo e Benestar procederán a comunicar a apertura ou reanudación de actividade nun centro de trabajo.

3.- Modificacións recentes que afectan aos Libros de Visitas das empresas.

4.- Calendario Laboral.

- Creación de calendarios laborais de empresa, por concello ou por sector na aplicación informática.
 - O alumno deberá ver que se está mal definido o calendario laboral, o cálculo de nóminas, de seguros sociais e de horas anuais de traballo pode non ser o correcto.

5.- Alta de traballador na Tesourería Xeral da Seguridade Social:

- Alta a través do Sistema Red
- Formularios de Alta
- Alta de traballador nunha aplicación informática de nóminas
 - Explicarase de forma práctica os pasos a seguir para a alta dun traballador na TXSS. A información que se aporta, documentos necesarios e creación de fichas nunha aplicación informática.

6.- Formalización do contrato de traballo e comunicación ao Servizo Público de Emprego:

- Aplicación Contrat@
- Formularios oficiais
- Elaboración de contratos e control de contratacións dende unha aplicación informática de nóminas
 - O alumno ao crear a ficha do traballador, elaborará automaticamente o contrato de traballo. Terá que visualizalo e imprimilo.
 - Explicarase o rexistro de contratos de forma telemática e de forma presencial, así como as prórrogas ou as modificacións das condicións de contratación.

7.- Cálculo de recibos de salarios nunha aplicación informática de nóminas:

- Recibo de salarios mensual
- Recibo de salarios diario
- Recibo de salarios dun traballador en xornada a tempo parcial
- Recibo de salarios dun traballador con vacacións
- Influencia do RD 20/2012 de 13 de xullo nas percepcións non salariais exentas
- Cálculo da porcentaxe de retención de IRPF
 - A través da aplicación informática de xestión procederase a calcular nóminas con todo tipo de peculiaridades: vacacións, absentismo, complementos persoais, folga, dietas, horas extra,

8.- Cálculo de seguros sociais (TC1 y TC2) nunha aplicación de nóminas:

- Envío por Sistema Red
- Distintas formas de pago
 - Unha vez calculadas as nóminas de cada mes, calcularanse os seguros sociais para que o alumno vexa cómo as distintas retribucións e situacións afectan á cotización da empresa e do traballador á Seguridade Social.

9.- Incapacidade Temporal:

- Comunicación a través do Sistema Red ou a través de Delt@ no seu caso
 - O alumno familiarizárase con estas ferramentas de xestión informática que pasaron a ser obrigatorias nas comunicacións.
- Control da incapacidade temporal
- Cálculo dos recibos de salarios nunha incapacidade temporal derivada de continxencias comúns
- Cálculo dos recibos de salarios nunha incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais
- Cálculo dos recibos de salarios en supostos de recaída
- Cálculo dos seguros sociais en supostos de incapacidade temporal.
 - O alumno verá cómo se aplica o pago delegado da prestación nos seguros sociais.
- Accidente in itinere
 - Analízase xurisprudencia sobre a materia, para que o alumno entenda que o accidente in itinere é unha presunción iuris tantum, a importancia do horario nos contratos a tempo parcial e a forma na que se comunica.
- Determinación de continxencia
 - En qué casos é conveniente presentala e documentación necesaria.

10.- Risco por Embarazo:

- Xestión en aplicación informática de nóminas
- Tramitación
- Cálculo dos seguros sociais
 - Neste apartado analizaranse os costes que ten a empresa derivados dos riscos por embarazo e o papel das Mutuas de Accidentes á hora de determinar un risco por embarazo.

11.- Maternidade e Paternidade:

- Xestión en aplicación informática de nóminas
- Tramitación
- Cálculo dos seguros sociais
 - Dende un punto de vista práctico daranse de alta estas situacións nunha aplicación informática e analizarase a documentación que aporta a empresa.
 - Calcularanse os seguros sociais para analizar as cotizacións nestas situacións e os costes que soporta a empresa.

12.- Risco por lactancia materna:

- Xestión en aplicación informática de nóminas
- Tramitación
- Cálculo dos seguros sociais

13.- Contrato de interinidade para substituír a traballadoras en Risco por Embarazo, Maternidade ou Risco por lactancia:

- Elaboración de contrato
- Cálculo dos seguros sociais para aplicar a bonificación
 - Despois de calcular os supostos de risco, maternidade e lactancia o alumno analizará en qué casos podería utilizar un contrato de interinidade e ver dunha forma práctica o posible aforro para a empresa á hora de utilizar este contrato.

14.- Permiso de lactancia

- Traballarase con distintos supostos en función dos convenios e da lexislación actual para velo dende un punto de vista práctico na empresa.

15.- As vacacións. Analizar cómo afectan as novas sentencias e a lexislación da Unión Europea ao dereito de vacacións en situacións de incapacidade temporal, risco por embarazo, maternidade ou risco por lactancia.

16.- Finalización do contrato de traballo e despido

- Comunicacións
- Finiquito
- Certificado de Empresa. O servizo Certific@2
- Cálculo de Indemnizacións por despido
 - Todo isto coa aplicación informática para que o alumno analice distintos supostos e ver cómo afecta a Reforma Laboral do ano 2012 ás indemnizacións por despido.
- Cambios na tributación das indemnizacións por despido.